

# PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe de Louro



CEIP PLURLINGÜE DE LOURO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- **Nome do centro:** CEIP Plurilingüe de Louro
- **Dirección:** Rúa Agra del Filgueira s/n CP. 15291, Muros (A Coruña)
- **Correo:** [ceip.louro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.louro@edu.xunta.gal)
- **Páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdelouro/>
- **Etapas educativas:** Educación Infantil e Educación Primaria
- **Número de alumnado:** 42
- **Número de profesorado:** 5

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Plurilingüe de Louro está ubicado na localidade de Louro, no término municipal de Muros. A maioría do alumnado que escolariza pertence a este núcleo poboacional. Consta de dous edificios principais para uso educativo un para a etapa Infantil e outro para a etapa de Primaria. O noso centro acusa a baixada de matrícula debido á caída de natalidade en todo o concello. As familias do alumnado traballan principalmente no sector primario (pesca, marisqueo) ao turismo e servizos. O nivel educativo dos proxenitores do noso alumnado son estudos primarios e a lingua maiormente empregada é o galego.

O Plan dixital está en consonancia cos fins e intencións do PEC, formando parte do mesmo e complementándoo.

En canto a relación do Plan Dixital cos programas e proxectos do noso centro, persegue os mesmos obxectivos e complementa o Plan TIC do centro, dinamizando e impulsando a integración das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.

Tamén se relaciona coas liñas prioritarias de actuación do PLAMBE no que se refire ó traballo interdisciplinar e a alfabetización mediática e informacional.

Conecta co Plan Director a través da formación no uso seguro e o coñecemento dos riscos que conleva a utilización das tecnoloxías.

O Plan dixital axudaranos a revisar, actualizar e avanzar na implementación dos programas de innovación que xa temos en funcionamento e que inflúen positivamente na competencia dixital da nosa Comunidade Educativa.

**Programas innovadores do noso centro:**

- O noso centro incorporou o **Programa EDIXGAL** no curso actual 21/22 na aula mixta de 4º, 5º e 6º de EP, o alumnado dos 3 cursos despuxo do seu ordenador portátil e traballou nas aulas virtuais.
- **Biblioteca Creativa:** pasamos a formar parte do programa “Biblioteca Creativa” no curso 20/21 introducindo os escornabots e no curso actual a Impresora 3D, xa desde hai anos realizamos actividades co CROMA e outras actividades creativas.
- **KOHA:** O noso centro con todos os recursos da biblioteca dixitalizados.  
<https://ceipdelouro.edubib.xunta.gal/>
- **Aprendizaxe Cooperativa:** os agrupamentos do alumnado son en equipos cooperativos dentro das aulas mixtas, que favorecen a posta en práctica de metodoloxías activas.

En canto ao noso profesorado, mantén sempre un profundo compromiso coa **formación en novas tecnoloxías** como pon de manifesto a realización de diversos PFPP e outro tipo de formacións que realizamos **este curso**:

- **PFPP** - Introducción ó EVA EDIXGAL
- **Formación para persoas coordinadoras EDIXGAL**
- **DESIGN FILS** - Deseño de futuros espazos de aprendizaxe innovadores
- **Biblioteca Creativa**
- **Plan proxecta** - Aula invertida

A Programación Xeral Anual do curso 22/23 , ao concretar ao PEC para este curso académico, recibe os plans previamente mencionados e establece unha coherencia e organización das actuacións que se levarán a cabo. Por último a PXA verase enriquecida por este documento incorporando á mesma a pretensión dun maior aproveitamento de todos os recursos tecnolóxicos da nosa comunidade. Pasará a ser parte do eixo vertebrador que fundamente o uso de infraestruturas tecnolóxicas, formacións do alumnado, profesorado e familias, cun aproveitamento máis reflexivo, estudado e estruturado de todos eles. Algúns dos obxectivos da nosa PXA que conectan directamente con este documento serían:

- Insistir no arranxo e mellora das infraestruturas do Centro.
- Buscar o funcionamento eficaz dos diferentes recursos didácticos.
- Dinamizar e potenciar o uso das TICs, programa EDIXGAL páxina web, blog da biblioteca e aula virtual, dentro do Plan de Integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación propio do noso Centro .

No que se refire a medidas e recursos concretos que a PXA trata en relación ao presente documento podemos citar:

- Información frecuente ás familias, propiciando a súa colaboración e implicación no proceso educativo a través das diferentes canles establecidas (páxina web, plataforma WEBEX, teléfono, abalar móbil, whatsapp...)
- Contacto coa Xefatura Territorial e coa Unidade Técnica, en relación ás carencias e necesidades solicitadas con respecto á infraestrutura do centro.

- As diferentes aplicacións informáticas destinadas á mellora no proceso de información e documentación escolar, así como as pedagóxicas e educativas para traballar co alumnado.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que regula todo este procedemento queda recollida nos seguintes documentos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado do noso centro en canto dixitalización.

No comezo do segundo trimestre implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital do profesorado do centro.

Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro, facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

Cabe sinalar que o seguimento por parte do mentor da nosa zona establecía a entrega de diversas tarefas ao longo do curso. A realización das mesmas axudou a ter unha temporalización organizada para o desenvolvemento do presente documento.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### • No que se refire a infraestrutura dixital

O noso centro está totalmente cableado con conexións de fibra 1 gb/s. Dispoñemos de conexión wifi en todas as aulas e dependendo dos dispositivos conectamos a 2 redes:

- [edu.xunta.gal](http://edu.xunta.gal)
- [edixgal](http://edixgal)

En cada aula tamén contamos con puntos nos que conectar directamente á rede os nosos dispositivos. No apartado de voz contamos con unha liña de teléfono

- **No apartado de equipamentos**

- **Aulas dixitalizadas:** as aulas do edificio de Educación Primaria contan con pantalla dixital aínda que en moitos casos non funciona a función táctil, mentres que a aula de infantil que está noutro edificio non conta con pantalla táctil. Existe proxector en todas as aulas. Ademais, contan con ordenadores portátiles en todas esas aulas.
- **Proxecto educación dixital E-Dixgal:** 5º e 6º de EP forman parte do programa E-Dixgal e como forman parte dun aula mixta o alumnado de 4º de Primaria tamén dispón de portátil. Contamos en total con 17 equipos. Non contamos con carros de carga. Contamos con 4 portátiles EDIXGAL para o profesorado.
- **Postos de traballo de xestión e administración do centro:** dispoñemos dun ordenador de sobremesa pero está obsoleto. Non conta con cámara para videoconferencia. Dispoñemos dunha impresora multifunción moi antiga de inxección de tinta. Contamos cunha aula de material na que dispoñemos dunha fotocopiadora multifunción de recente adquisición.
- **Uso na biblioteca:** na biblioteca contamos cun ordenador de sobremesa co que catalogamos e facemos os préstamos. Contamos tamén cunha impresora multifunción a cor. Contamos cun proxector neste espazo.
- **Equipos para uso na sala de profesorado:** na sala de profesores so contamos cun ordenador de sobremesa. Non se dispón de posto de impresión.
- **Equipos ultraportátiles para aula móbil:** contamos con 12 Ipads e 2 portátiles a disposición de todo o alumnado do centro.
- **Proxectos específicos:** contamos con 2 portátiles para redución da fenda dixital con seus correspondentes routers WIFI. A través do programa de biblioteca creativa dotóusenos de 4 escornabot e unha impresora 3D.

- **Servizos dixitais educativos:**

No noso centro educativo dispoñemos de páxina web a través do programa de Webs Dinámicas (Drupal), as actividades do centro compartímolos a través do blog da biblioteca ó que se pode enlazar desde a páxina web, contamos tamén con aulas virtuais para o alumnado en infantil e de 1º a 4º de EP, 5º e 6º de EP forman parte do programa Edixgal, as notificacións

lévanse a cabo a través do espazo Abalar e a biblioteca do noso centro xestionámola co programa KOHA.

Para o mantemento dos equipamentos e infraestruturas do centro mantense contacto coa UAC no caso de calquera tipo de incidencia e co servizo premium para as incidencias cos equipos Edixgal.

A continuación deixamos enlaces aos protocolos do centro que teñen relación coas TIC.

- PXA: dispoñible no [seguinte enlace](#)
- Plan TIC: dispoñible no [seguinte enlace](#)
- Plan de Continxencia: dispoñible no [seguinte enlace](#)

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE:** inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

| Areas                                   | Grupos         | Ensinanzas |
|---|----------------|------------|
|   |                | Primaria   |
| A -Liderado                             | Equipo Direct. | 3,2        |
|   | Profesorado    | 3,5        |
|   | Alumnado       | -          |
| B- Colaboración e redes                 | Equipo Direct. | 2,8        |
|   | Profesorado    | 2,9        |
|   | Alumnado       | 3,8        |
| C- Infraestruturas e Equipos            | Equipo Direct. | 4,1        |
|   | Profesorado    | 3,3        |
|   | Alumnado       | 4,5        |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 4,7        |
|   | Profesorado    | 3,3        |
|   | Alumnado       | -          |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos          | Equipo Direct. | 3,8        |
|   | Profesorado    | 4,1        |
|   | Alumnado       | -          |
| F- Pedagogía: Implementación na aula    | Equipo Direct. | 4          |
|   | Profesorado    | 3,2        |
|   | Alumnado       | 4,4        |
| G- Prácticas de avaliación              | Equipo Direct. | 2,8        |
|   | Profesorado    | 2,1        |
|   | Alumnado       | -          |
| H- Competencias dixitais do alumnado    | Equipo Direct. | 3,2        |
|   | Profesorado    | 3,4        |
|   | Alumnado       | 4,3        |

**Test CDD:** Ademais do recollido na táboa 1.3. do Test CDD en relación co perfil do profesorado participante, achegamos tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

|                   | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| <b>DEFINITIVO</b> | 3                             | 3                     | 100%            |

|             |   |   |      |
|-------------|---|---|------|
| PROVISIONAL | - | - | -    |
| INTERINO    | 2 | 2 | 100% |
| SUBSTITUTO  | 0 | 1 | 0%   |
| DESPRAZADO  | - | - | -    |

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 72,4                                 | Integrador/a (B1)    | 76,4  | Integrador/a (B1)               |

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

|      | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| Inf. | 67,3                                 | Integrador/a (B1)    | 68,2  | Integrador/a (B1)               |
| Pri. | 80,3                                 | Integrador/a (B1)    | 77  | Integrador/a (B1)               |

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

|       | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-------|---|---|
| A1    | -   | -   |
| A2    | 2   | 40%                                       |
| B1    | 2   | 40%                                       |
| B2    | 1   | 20%                                       |
| C1    | -   | -   |
| C2    | -   | -   |
| TOTAL | 5   | 100%                                      |

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS   |                             | FORTALEZAS   | DEBILIDADES  |
|------------|-----------------------------|--|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | <p>C1 No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C2 No noso centro hai dispositivos dixitais que podemos utilizar no meu traballo como docente</p> <p>C3 O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe</p> <p>C5 A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais</p> | <p>C14 No noso centro o espazo físico da aula de Infantil (que está noutro edificio distinto ó de primaria) non facilita o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p> |



|                            |  |   |
|----------------------------|--|---|
|                            | <p>C7 No noso centro existen sistemas de protección de datos</p> <p>C8 No noso centro existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise</p> <p>C10 No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen, 4º, 5º e 6º de EP.</p> <p>C14 No noso centro, os espazos físicos do edificio de primaria facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>C16 No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña (ELBE-2) que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe (Programa EDIXGAL).</p> <p>Disponibilidades de ipads para todo o alumnado da aula mixta de 1º, 2º e 3º de EP.</p>   |   |
| <b>PERSOAL DOCENTE</b>     | <p>B2 No noso centro comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais</p> <p>D1 O noso equipo directivo reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>D2 Temos acceso a posibilidades de FPC en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>E1 Buscamos recursos educativos dixitais en internet</p> <p>E3 Utilizamos ambientes virtuais de aprendizaxe cos alumnos</p> <p>E4 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionadas co centro educativo</p> <p>E5 Utilizamos recursos educativos abertos</p> <p>F1 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para adaptar os nosos métodos de ensino ás necesidades individuais do alumnado</p> <p>F3 Utilizo as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado</p> <p>F4 Levamos a cabo actividades de aprendizaxe dixital que motive o alumnado</p> | <p>B1 No noso centro non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>B3 e B4 No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións e non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais</p> <p>D3 O noso equipo directivo non garante os tempos para intercambiar experiencias dentro do centro sobre a docencia con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E2 Non creamos recursos dixitais en todas as áreas e cursos. para reforzar o noso método de ensino</p> <p>F5 Non empregamos as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado</p> <p>F6 Non fomentamos a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais en todas as áreas e cursos.</p> <p>G1 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado en todas as áreas e cursos.</p> <p>G5 non empregamos as tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes.</p> <p>G5 non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe</p> <p>G6 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <p>G8 Non facilitamos ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe en todas as áreas e cursos.</p> <p>G9 Non utilizamos datos dixitais sobre estudantes individuais para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe.</p> <p>G10 non valoramos as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo.</p> |
| <b>PERSOAL NON DOCENTE</b> | Os auxiliares lingüísticos empregan os dispositivos dixitais na súa práctica docente.  |   |
| <b>ALUMNADO</b>            | <p>H1 No noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet(Plan director)</p> <p>H3 No noso centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet (Plan director)</p> <p>H4 No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa (ALFIN-AMI)</p> <p>Adquisición de habilidades dixitais do alumnado nalgunhas áreas.</p>   | <p>H6 No noso centro o alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet</p> <p>H7 No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.</p> <p>H8 No noso centro o alumnado non aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais.</p> <p>H10 O noso equipo directivo non garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias.</p> <p>H11 No noso centro o alumnado non aprende a codificar ou programar en todos os cursos e as actividades que se desenvolven non están sistematizadas.</p> <p>H13 No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais</p>  |
| <b>FAMILIAS</b>            | As familias apoian os programas que se incorporan ó centro en relación coas competencias dixitais.   | Desigual formación das familias no emprego das novas tecnoloxías.   |
| <b>OFERTA</b>              | Estrutura vertical que favorece a detección de necesidades de formación no noso alumnado e a súa implantación gradual ó longo da etapa. Participación en proxectos interdisciplinares en torno a unha temática anual para promover o traballo  | Non se ofertan obradoiros tecnolóxicos para alumnado ou familias.   |

|  |                               |   |  |
|--|-------------------------------|---|--|
|  |                               | competencial(CD)<br>Actualización do PFPP do centro en relación cos programas do centro e necesidades de formación demandadas polo Claustro.<br>Transformación da práctica docente co uso das ferramentas dixitais a través da participación nos diferentes programas.  |  |
|  | <b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b> | Estrutura vertical que favorece a detección de necesidades de formación no noso alumnado e a súa implantación gradual ó longo da etapa.<br>Participación en proxectos interdisciplinares en torno a unha temática anual para promover o traballo competencial(CD)<br>Actualización do PFPP do centro en relación cos programas do centro e necesidades de formación demandadas polo Claustro.<br>Transformación da práctica docente co uso das ferramentas dixitais a través da participación nos diferentes programas. | A1 e A2 No noso centro non temos unha estratexia dixital e o profesorado carece de mecanismos para implicarse na mesma.<br>A4 No noso centro non contamos con tempo para explorar a mellora do método de ensino coas tecnoloxías dixitais.<br>C12 No noso centro non contamos con medidas para axudar ao profesorado a afrontar o reto que supón a aprendizaxe mixta, en relación coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.<br>Non contamos cun plan de comunicación. |

| EXTERNOS          |                                 | OPORTUNIDADES  | AMEAZAS   |
|-------------------|---------------------------------|--|---|
| <b>CATEGORÍAS</b> | <b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b> | Aposta pola dixitalización dos centros.<br>Oferta variada de formación en relación coas competencias dixitais e programas.   | Lentitude na reposición.  |
|                   | <b>LEXISLACIÓN</b>              | A5 No noso centro respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a Aprendizaxe<br>C7 No noso centro existen sistemas de protección de datos | Falta de lexislación que respalde a obriga de horas adicadas ás coordinacións que se desenvolven no centro, coordinador TIC, Edixgal programas de introdución á robótica... |
|                   | <b>CONTORNA</b>                 | Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fora do centro educativo  |   |
|                   | <b>ANPA</b>                     | Colaboración da ANPA<br>As familias reciben de bo grao as novas actividades que teñen que ver coas TIC e a innovación educativa.   |   |
|                   | <b>OUTRAS ENTIDADES</b>         | O centro é inclusivo na participación de entidades externas nas dinámicas educativas.  |   |

### 3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarias para o noso centro.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a concreción de obxectivos, indicadores e accións analizouse o DAFO en profundidade tendo coidado de escoller aqueles ítem que, segundo a idiosincrasia do noso centro, se consideraron como prioritarios. As táboas seguintes recollen esta información:

| "Área/s de mellora": Pedagogía apoios e recursos (E)   |   |                   |                     |                       |           |             |  |
|--|---|-------------------|---------------------|-----------------------|-----------|-------------|--|
| OBXECTIVO 1:   | Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro. (E4*)            |                   |                     |                       |           | Acadado     |  |
| RESPONSABLE:   | Equipo Directivo  |                   |                     |                       |           | Non acadado |  |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO  | Porcentaxe dos titores que realizan as comunicacións ás familias a través do sistema Abalar Móbil ou AbalarPro. |                   |                     |                       |           |             |  |
| Valor de partida   | 33% dos titores realizan as comunicacións ás familias a través do sistema Abalar Móbil ou AbalarPro             |                   |                     |                       |           |             |  |
| Valor previsto e data  | 100% dos titores realizan as comunicacións ás familias a través do sistema Abalar Móbil ou AbalarPro.           |                   |                     |                       | 30/06/23  |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER  |   |                   |                     |                       |           |             |  |
| DESCRICIÓN   | RESPONSABLES  | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN |           |             |  |
|  |   |                   |                     | VALORACIÓN DA ACCIÓN  |           | ESTADO      |  |
| AO1.1: Reflectir no plan de acollida as instrucións de uso da ferramenta AbalarPro para o profesorado.   | Equipo Directivo  | 08/09/22          | Plan de Acollida    |                       | Realizada |             |  |
|  |   |                   |                     |                       | Aprazada  |             |  |
|  |   |                   |                     |                       | Pendente  |             |  |
| AO1.2: Difundir na páxina web do centro a información sobre o uso da ferramenta Abalar para as familias. | Administrador da páxina   | 08/09/22          | Páxina web Titorías |                       | Realizada |             |  |
|  |   |                   |                     |                       | Aprazada  |             |  |
|  |   |                   |                     |                       | Pendente  |             |  |

|   |         |          |                      |  |                  |  |
|---|---------|----------|----------------------|--|------------------|--|
| <b>AO1.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante notificacións periódicas.</b> | Titores | 30/06/23 | Dispositivos móbiles |  | <b>Realizada</b> |  |
|   |         |          |                      |  | <b>Aprazada</b>  |  |
|   |         |          |                      |  | <b>Pendente</b>  |  |

(\*E4 Comunicación coa comunidade educativa)

Nota: a pesar de ter este ítem como fortaleza consideramos que é mellorable e prioritario para o noso centro.

| "Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo (D)  |   |                   |                           |                      |           |             |  |
|--|---|-------------------|---------------------------|----------------------|-----------|-------------|--|
| OBXECTIVO 2:   | Actualizar o PFPP do centro coa formación requirida polo profesorado para desenvolver os proxectos que integran as TIC. (D1*) |                   |                           |                      |           | Acadado     |  |
| RESPONSABLE:   | Equipo directivo  |                   |                           |                      |           | Non acadado |  |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO  | % profesorado participante que supera a formación do PFPP   |                   |                           |                      |           |             |  |
| Valor de partida   | 0% profesorado participante que supera a formación do PFPP  |                   |                           |                      |           |             |  |
| Valor previsto e data  | 100% profesorado participante que supera a formación do PFPP  |                   |                           |                      | 30/06/23  |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER  |   |                   |                           |                      |           |             |  |
| DESCRICIÓN   | RESPONSABLES  | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS       | SEGUIMENTO DA ACCIÓN |           |             |  |
|  |   |                   |                           | VALORACIÓN DA ACCIÓN |           | ESTADO      |  |
| AO2.1: Elaborar unha enquisa sobre necesidades de formación para as diferentes etapas.                   | Equipo Directivo<br>Coordinador TIC   | 30/09/22          | Enquisa                   |                      | Realizada |             |  |
|  |   |                   |                           |                      | Aprazada  |             |  |
|  |   |                   |                           |                      | Pendente  |             |  |
| AO2.2: Crear un grupo de traballo/seminario dentro do PFPP sobre a formación requirida polo profesorado. | Equipo directivo<br>Coordinador PFPP  | 30/11/22          | Asesora CAFI, PFPP        |                      | Realizada |             |  |
|  |   |                   |                           |                      | Aprazada  |             |  |
|  |   |                   |                           |                      | Pendente  |             |  |
| AO2.3: Aplicar nas aulas.  | Profesorado   | 30/06/23          | Actividades desenvolvidas |                      | Realizada |             |  |
|  |   |                   |                           |                      | Aprazada  |             |  |
|  |   |                   |                           |                      | Pendente  |             |  |

(\*D1 Necesidade de FPC)

Nota: a pesar de ter este ítem como fortaleza consideramos que é mellorable e prioritario para o noso centro.

| "Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado (H)              |   |                   |  |                       |             |  |
|---|---|-------------------|--|-----------------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 3:  | Introducir a programación en todas as aulas do centro. (H11*) |                   |  |                       | Acadado     |  |
| RESPONSABLE:  | Titores   |                   |  |                       | Non acadado |  |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO   | % aulas nas que se introduciu a programación                  |                   |  |                       |             |  |
| Valor de partida  | 10% aulas nas que se introduciu a programación                |                   |  |                       |             |  |
| Valor previsto e data   | 100% aulas nas que se introduciu a programación               |                   |  | 30/06/23              |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER   |   |                   |  |                       |             |  |
| DESCRICIÓN  | RESPONSABLE   | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS                              | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN |             |  |
|   |   |                   |  | VALORACIÓN DA ACCIÓN  | ESTADO      |  |
| AO3.1: Secuenciar os contidos sobre programación nos diferentes cursos. | Titores   | 30/09/22          | Programacións                                    |                       | Realizada   |  |
|   |   |                   |  |                       | Aprazada    |  |
|   |   |                   |  |                       | Pendente    |  |
| AO3.2: Formar ao alumnado nos distintos códigos de programación.        | Titores   | 22/06/23          | Code, Scratch Junior, Scratch, portátiles, Ipads |                       | Realizada   |  |
|   |   |                   |  |                       | Aprazada    |  |
|   |   |                   |  |                       | Pendente    |  |
| AO3.3: Elaborar e avaliar actividades e proxectos.                      | Titores   | 22/06/23          | Actividades e proxectos                          |                       | Realizada   |  |
|   |   |                   |  |                       | Aprazada    |  |
|   |   |                   |  |                       | Pendente    |  |

(\*H11 aprende a codificar ou programar)

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- En canto a **infraestrutura dixital** é preciso un sistema de almacenamento vencellado á rede (NAS) para o respaldo da información do noso centro.
- No centro destacamos a necesidade de facer unha mellora no **equipamento tecnolóxico** existente.
  - **Aulas dixitalizadas:** sería preciso dotar a aula de Educación Infantil dunha pantalla táctil. Este material permitiría actualizar o sistema de ensino-aprendizaxe aos tempos que corren e fomentar a realización de actividades relacionadas coas TIC co alumnado de EI do noso centro.
  - **Postos de traballo de xestión e administración do centro:** o noso centro aínda non conta coa dotación de postos avanzados de administración. Sería necesario un ordenador para dirección con lector de tarxetas e impresora con escáner, xa que, están totalmente obsoletos non funcionando a tarxeta coa que se precisan facer xestións.
  - **Uso na biblioteca:** sería recomendable contar con 2 portátiles a disposición do alumnado para facer consultas, préstamos e devolucións de xestión de catálogo de libros, así como a pescuda de información para a realización de actividades académicas.
  - **Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos:** na sala de mestres precisaríamos de 1 posto de traballo para realizar consultas e xestión da práctica diaria docente: preparación de materiais, xestión de faltas, informes...
  - **Equipos ultraportátiles:** sería necesario contar con 15 equipos ultraportátiles para que o alumnado da aula mixta de 1º, 2º e 3º e a aula mixta de Infantil poidan facer uso dos mesmos e realizar actividades formativas relacionadas coas TIC así como co mundo da seguridade na rede.
  - **Para proxectos específicos:** o noso centro vén de facer a solicitude de Polos Creativos focalizando ás necesidades da nosa proposta nos e-téxtiles por este motivo sería preciso a dotación de kits destes materiais para poder por en marcha o programa.

- **En canto a Servizos Dixitais Educativos:**

É precisa unha aplicación de comunicación entre o profesorado para non ter que utilizar plataformas externas. Abalar Pro podería ser unha boa opción se se desenvolvese nesa aplicación algunha funcionalidade de comunicación directa entre o profesorado do



centro. A dita aplicación debería permitir achegar tamén: imaxes, arquivos de son, vídeos...

Sería preciso implementar un sistema de traballo na nube tanto para profesorado como para alumnado na liña dos xa existentes como pode ser os servizos de Google.

## 4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

**Avaliación procesual:** unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de acción. Ademais, realizaranse propostas de modificación das mesmas de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

**Avaliación final:** será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

## 5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais, enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.